XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Xefatura Territorial de Pontevedra
Servizo de Xestión Técnico-Administrativo e Interior

Edificio Adminitrativo
Avda.Maria Victoria Moreno 43, 9ª Planta
36003 Pontevedra
Teléf. 986 805449
E- mail: asociacions.pontevedra@xunta.gal

ASOCIACION AMIZADE
Paulo Fontán Torreiro
Rúa Alemaña nº 23 Baixo
36162 Monteporreiro (Pontevedra)

Asunto: Resolución de inscrición de Xunta Directiva.

Con data 15/10/2019 recibiuse solicitude de inscrición da modificación da xunta directiva, formulada por Paulo Fontán Torreiro en nome e representación da **ASOCIACION AMIZADE**, inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, co **núm. 1988/001675-1ª**, e tendo en conta os seguintes FEITOS:

Primeiro. Xunto coa solicitude presentouse acta ou certificación do acordo adoptado pola Asemblea Xeral da asociación de **27/04/2019**, na que consta a identidade dos novos titulares da Xunta Directiva ou órgano de representación da entidade, e os seus respectivos cargos, coa seguinte composición:

ÓRGANO DE GOBERNO	NOME E APELIDOS
PRESIDENTE	PAULO FONTÁN TORREIRO
VICEPRESIDENTE	JOSÉ MANUEL LAREU GUTIERREZ
SECRETARIA	HELENA CABRAL ALFONSO
TESOUREIRO	MANUEL ALONSO COSTAS
VOGAL	ANTONIO ORELLA VILANOVA
VOGAL	SERGIO OUBIÑA PEÓN
VOGAL	EUGENIO PAZOS CASTROMAN
VOGAL	TERESA BALLESTEROS RODRIGUEZ
VOGAL	JORGE ESPERÓN SILVA
VOGAL	ELENA BARCIA LORENZO

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

Primeiro. O artigo 22 da Constitución española recoñece o dereito de asociación, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo reguladora do dereito de asociación, recoñece e regula o dereito de asociación e o Real decreto 949/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións, establece os requisitos substantivos e de carácter formal que deben cumprir este tipo de entidades para seren inscritas.

Segundo. O Decreto 336/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia, sobre asunción de funcións e servizos pola Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asociacións, e o Decreto 276/1997, do 25 de setembro, polo que se crea o Rexistro Central de Asociacións e se regula a organización e o funcionamento dos rexistros de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, determinan a competencia rexistral desta Administración en materia de asociacións.

Xacobeo 2021

CVE: jgysg0ubH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Terceiro. En aplicación desta normativa, unha vez examinada a documentación incorporada ao expediente, considérase que cumpre os requisitos establecidos na normativa para a súa inscrición no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma.

Cuarto. O xefe/a Territorial de Pontevedra é competente para resolver este procedemento, en virtude do Decreto 74/2018 do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Vistos os preceptos legais citados e demais normas de xeral aplicación, RESOLVO:

Inscribir os titulares da xunta directiva ou órgano de representación da ASOCIACION AMIZADE de conformidade co expresado no feito primeiro desta resolución, e depositar no Rexistro a documentación preceptiva para os efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución. Esta inscrición non exonera os interesados do cumprimento da normativa vixente reguladora das actividades necesarias para o desenvolvemento dos fins estatutarios.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no prazo dun mes, de acordo co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común.

Pontevedra, 6 de novembro de 2019
O Xefe Territorial
Ramón Pereiro Santín

Asinado por: PEREIRO SANTIN, RAMON
Cargo: Xefe Territorial
Data e hora: 07/11/2019 16:38:30

CVE: jgysg0ubH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve